Galicia Encantada

20 ANIVERSARIO 2005 ✦ 2025

Enciclopedia de Fantasía Popular de Galicia

Alén, Máis Alá

CATEGORÍAS RELACIONADAS

Micromitos 024: A sombra do asasino

Hai dúas versións sobre a sombra que se ve cada noite na praza da Quintana de Compostela. Unha conta que se trata do espectro dun crego da catedral que namorou dunha monxa de San Paio de Antealtares. Acordaran escapar xuntos, caracterizados de peregrinos pero a monxa non acudiu á cita, e alí sigue, agardando, a sombra do crego namorado.

A outra versión di que pertence a Leonard du Revenant, nobre francés do s. XV. Matara o pai para quedar coa herdanza e a xustiza condenouno a peregrinar a Compostela. No camiño namorouse dunha moza que o rexeitou e Leonard, tras violala, asasinouna a ela e ao mozo.

Para continuar viaxe disfrazouse de frade franciscano e xa en Compostela, como non atopou onde durmir, arrimouse ao muro da Torre do Reloxo da catedral e adormeceu. Mentres durmía aparecéuselle o pai, quen, vendo que rematara a viaxe, lle concedeu o seu perdón coa condición de que agardase a que as ánimas das outras dúas vítimas lle concedesen o seu. Nunca o fixeron.

Tamén hai quen pensa que a sombra é a proxección da luz dun farol contra o mesmo muro.

«⇔»

Serie: Micromitos **Publicación:** *Nós Diario*, 2 de outubro de 2020.

Locución audio: Rocío Romero Otero

Your browser does not support the audio element.